

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias do Concello do Grove e dentro do seu termo municipal, das seguintes situacións e actividades:

1.—A limpeza da vía pública no que se refire ó uso común xeral dos cidadáns e limpeza de solares de propiedade municipal. Así mesmo, a inspección e realización subsidiaria de limpeza dos solares de propiedade pública ou privada.

2.—A prevención do estado de sucidade do concello producido como consecuencia de manifestacións públicas na rúa, e limpeza dos bens de dominio municipal no que respecta o seu uso común especial e privativo.

3.—A recollida de lixo e residuos sólidos producidos a consecuencia do consumo doméstico así como a de tódolos materiais residuais que pola súa natureza poden asimilarse ós anteriores.

4.—A acumulación, carga, transporte e vertido de terras, escombros e outros materiais similares ou asimilables, producidos a consecuencia de obras, construcións e derribo, en todo o non incluído nos números 1 e 3 anteriores.

5.— A recollida e transporte de materiais residuais e dos produtos destinados polos seus produtores ou posuidores ó abandono que, non estando incluídos especificamente nos apartados precedentes, son de competencia municipal de acordo ca lexislación vixente.

6.—En canto sexa da súa competencia: a xestión, control e inspección dos sistemas e equipamentos destinados ó tratamento,

aproveitamento, depósito e eliminación da totalidade dos materiais residuais obxecto dos apartados 3, 4 e 5 anteriores.

7.— A regulación da implantación, conservación, uso e disfrute das zonas verdes no termo municipal, así como dos distintos elementos instalados neles.

ARTIGO 2

A presente ordenanza de Limpeza e Medio Ambiente articularase, conforme o artigo 1 mediante os seguintes títulos:

Título I.—Disposicións Xerais.

Título II.—Da limpeza da vía pública.

Título III.—Da limpeza do Concello en canto ó uso común especial e privativo e manifestacións públicas na rúa.

Título IV.—Da recollida de residuos urbanos.

Título V.—Da recollida, transporte e vertido de terras e escombros.

Título VI.—Da recollida e transporte dos residuos industriais e especiais.

Título VII.—Da protección das zonas verdes.

Título VIII.—Das infraccións e das sancións. Procedemento sancionador.

ARTIGO 3

1.—As normas da presente ordenanza aplicaranse por analoxía ós supostos que non estean expresamente regulados e que pola súa natureza estean comprendidos no seu ámbito de aplicación.

ARTIGO 4

1.—Tódolos cidadáns están obrigados, no que concirne á limpeza do Concello, a observar unha conducta encamiñada a evitar e prever a sucidade.

2.—Así mesmo, terán dereito a denunciar á autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública e medio ambiente presencien ou das que teñan un coñecemento certo.

3.—O concello obrígase a atender ás reclamacións, denuncias e suxestións dos

cidadáns, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

4.—A fin de fomentar as accións preventivas en canto á limpeza pública, o Concello poderá establecer axudas económicas, exención de taxas ou de impostos ou outras actuacións para tal fin. O Concello favorecerá as accións que en materia de limpeza pública colectiva desenvolvan as iniciativas dos particulares.

ARTIGO 5

1.—Tódolos cidadáns están obrigados ó cumprimento puntual da presente ordenanza e das disposicións complementarias que na materia de limpeza en xeral, mantemento de ornato público ou da estética do Concello, dicte en calquera momento a Alcaldía no exercicio das súas facultades.

2.—A autoridade municipal, poderá esixir en todo momento o cumprimento inmediato da presente ordenanza, obrigando o causante dun deterioro á reparación da afección causada, sen prexuízo da sanción que corresponda.

3.—A Alcaldía a proposta dos servicios municipais correspondentes, sancionará de acordo co establecido no título VIII desta ordenanza ós que contraviñeren o disposto na mesma.

ARTIGO 6

1.—O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza que segundo as presentes Ordenanzas corresponda efectuar directamente ós cidadáns, imputándolles o custo dos servicios prestados e sen prexuízo das sancións que en cada caso sexan pertinentes e do que civilmente fora esixible.

2.—Os servicios municipais poderán, sempre que sexa preciso, proceder á limpeza da vía pública afectada ou dos seus elementos estruturais, e a carga,

retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados.

3.—O Concello realizará a prestación dos servicios, en tódolos supostos previstos na presente ordenanza, mediante os procedementos técnicos e formas de xestión que en cada momento estime convenientes para os intereses do municipio.

TÍTULO II

DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO I

DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA COMO CONSECUENCIA DO USO XERAL DOS CIDADÁNS

ARTIGO 7

1.—A efectos da limpeza considérase vía pública: as avenidas, paseos, rúas, prazas, beirarrúas, travesías, camiños, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas e demais bens de propiedade municipal destinados directamente ó uso común xeral dos cidadáns. Exceptúanse polo seu carácter non público as urbanizacións privadas, pasaxes, patios interiores, galerías comerciais e similares, cuxa limpeza corresponde ós particulares, sexa a propiedade única, compartida ou en réxime de propiedade horizontal. O Concello exercerá o control da limpeza destes elementos.

2.—A efectos de limpeza, as praias terán tamén a consideración de vía pública.

ARTIGO 8

1.—Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de produtos en estado sólido, líquido ou gasoso. Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas para ó efecto ou contedores do servicio público de limpeza.

2.—Os materiais residuais voluminosos, e os de pequeno tamaño pero en gran

cantidade, deberán ser obxecto de libramento ordenado ós servicios de recollida do lixo. Se pola súa cantidade, formato ou natureza fora imposible a prestación deste servicio, deberán ser evacuados de acordo co que establece o título VI sobre recollida e transporte de residuos industriais e especiais.

3.—Prohíbese votar cigarros puros, "colillas" de cigarros ou outras materias prendidas nas papeleiras. En todo caso, deberán depositarse unha vez apagadas.

4.—Prohíbese, igualmente, votar no chan calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estén parados ou en marcha.

5.—Non se permite fregar balcóns nin sacudir roupas e alfombras sobre a vía pública, fora do horario establecido no artigo 28.1 desta ordenanza. En todo caso, estas operacións faranse de maneira que non causen danos nin molestias a persoas ou cousas.

6.—Non se permite regar as plantas nin a limpeza de elementos constructivos colocados no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se produciran vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. O rego farase conforme ó horario establecido no artigo 28.1 da presente ordenanza e sempre ca debida precaución e coidado a fin de non producir molestias a veciños e peóns.

7.—Prohíbese escupir ou satisfacer as necesidades fisiolóxicas na vía pública.

ARTIGO 9

1.—Corresponde ós particulares a limpeza das beirarrúas particulares, dos pasaxes particulares, dos patios interiores de mazá, dos solares de propiedade privada, das galerías comerciais e similares.

2.—O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos obxecto do número anterior, e

poderá obrigar coactivamente a limpa-los á persoa responsable, de acordo coas instrucións que ó efecto dicten os servicios municipais.

3.—Corresponderá á Administración Municipal a limpeza da calzada, bordos, paseos, gabias dos árbores, zonas terrosas, papeleiras, rótulos de identificación de vías públicas e restantes elementos do mobiliario urbano de responsabilidade municipal.

ARTIGO 10

Se por calquera causa a limpeza de algunha das vías particulares se realizase polo servicio municipal de limpeza, a propiedade estará obrigada a aboa-lo importe dos servicios prestados.

ARTIGO 11

A fin de posibilita-la limpeza dos bordos, os vehículos deberán estacionarse de tal modo que entre eles e a beirarrúa quede unha distancia suficiente.

ARTIGO 12

A limpeza dos elementos destinados ó servicio do cidadán situados na vía pública pero que non estean baixo a responsabilidade municipal corresponderá efectual a ós titulares administrativos dos respectivos servicios ó igual que os espacios públicos de titularidade doutros órganos da administración.

CAPÍTULO II DA SUCIDADE DA VÍA PUBLICA A CONSECUCION DE OBRAS E ACTIVIDADES DIVERSAS

ARTIGO 13

1.—Tódalas actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolvan e sen prexuízo das licencias ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, esixen dos seus titulares a obriga de adopta-las medidas necesarias

para evita-la sucidade, así como a de limpa-la parte dela e dos seus elementos estruturais que se viran afectados, e a de retira-los materiais residuais resultantes.

2.—A autoridade municipal poderá esixir en todo momento as accións de limpeza correspondentes, tendo en conta o disposto no número anterior.

ARTIGO 14

1.—Para preve-la sucidade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta mediante a colocación de elementos adecuados arredor dos derribo, terras e outros materiais sobrantes de obra, de modo que se impida a diseminación e vertido destes materiais fora da estricta zona afectada polos traballos.

2.—En especial, as superficies inmediatas de zanxas, canalizacións e conexións realizadas na vía pública, deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse en todo caso segundo determina o número anterior.

3.—Cando se trate de obras na vía pública ou confrontantes, deberán instalarse valados de elementos de protección así como tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derribo, que deberán reuni-las condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se causen danos ás persoas e ás cousas.

ARTIGO 15

Cando se trate de edificios en construción, a obriga de limpa-la vía pública en todo o ámbito material establecido no artigo, 13, corresponderá ó contratista.

ARTIGO 16

Prohíbese o abandono e deposición directamente na vía pública de calquera

material residual ou o seu vertido en alcorques dos árbores, beirarrúas e embornares. Os residuos depositaranse, en todo caso, na vía pública mediante elementos de contención homologados polo concello, de acordo co establecido nesta ordenanza, en canto á instalación de contedores na vía pública.

ARTIGO 17

1.—Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada a obras ou almacéns, etc., de calquera vehículo susceptible de producir sucidade na vía pública, o persoal responsable de ditas operación e en último termo, o propietario ou o conductor do vehículo, antes de saír á vía pública, deberán lava-los baixos e rodas, co fin de impedir que a ensucien e procederán á limpeza da mesma e dos elementos desta que se houberan ensuciado, así como á retirada dos materiais vertidos.

2.—As persoas citadas no número anterior e polo mesmo orde, serán responsables das infraccións conforme ás disposicións desta ordenanza e dos danos que puideran producirse.

ARTIGO 18

1.—Queda prohibido o transporte de formigón con vehículos formigoneiras sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o vertido de formigón á vía pública.

2.—Prohíbese limpa-las formigoneiras na vía pública.

3.—Queda así mesmo prohibida a circulación de vehículos de transporte dos cales as condicións xerais non garanten a perda de parte da carga no seu tránsito polo termo municipal.

4.—En canto ó disposto nos números 1 e 2 precedentes, serán responsables solidarios o propietario do vehículo, e o empresario das obras, estando ámbolos dous obrigados á retirada do formigón

vertido, á limpeza da parte da vía pública afectada e á reparación dos danos causados sen prexuízo das sancións que correspondan.

ARTIGO 19

Prohíbese a manipulación e selección dos materiais residuais producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases, á espera de ser recollidos polos servicios correspondentes

ARTIGO 20

A limpeza de toldos e marquesiñas farase antes das 10 da mañá e a de escaparates, portais, tendas, postos de venda, establecementos comerciais etc., efectuada por particulares, farase desde a hora de apertura e ata as 11 da mañá con coidado de non ensucia-la vía pública. O titular da actividade será responsable diso.

ARTIGO 21

Están obrigados a limpa-los espacios ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica, os titulares dos mesmos así coma os responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servicio, en especial en canto se refire ós vertidos de aceites, graxas ou productos similares.

ARTIGO 22

1.—Igualmente prohíbese realizar na vía públicas os actos que se especifican a continuación:

- a) Vaciar, verter e depositar calquera clase de materiais residuais na calzada, beirarrúas, alcorques, solares sen edificar e rede de sumidoiro.
- b) Derramar calquera clase de auga sucia sobre as calzadas, beirarrúas, bordos, alcorques e solares sen edificar.
- c) O vertido de calquera clase de producto industrial líquido, sólido ou solidificable que pola súa natureza sexa susceptible de

producir danos ós pavimentos ou afectar á integridade e seguridade das persoas e das instalacións municipais de saneamento.

d) Lavar e reparar vehículos na vía pública, salvo actuacións puntuais de emerxencia.

e) Realizar calquera acto que produza sucidade ou sexa contrario á limpeza e decoro da vía pública.

ARTIGO 23

1.—Prohíbese o abandono de mobles e aparellos particulares na vía pública.

2.—Será potestade dos servicios municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paso, a libre circulación ou poida afectar á limpeza ou decoro da vía pública.

3.—Os materiais sinalados nos apartados 1 e 2 precedentes serán trasladados, para o seu depósito ou eliminación, ós lugares ou equipamentos previstos a tal fin pola autoridade municipal. No depósito, poderán mesturarse os materiais de natureza funxible retirados da vía pública.

4.—O depósito destes materiais rexerese en todo momento pola lexislación vixente, e no non previsto, polo que dispoña a Alcaldía.

5.—Os gastos producidos polo seu traslado, depósito e custodia destes materiais serán a cargo dos seus propietarios ou produtores.

ARTIGO 24

Actividades tales como circos, teatros ambulantes, carruseis e outras que, polas súas características especiais, usen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza que garanta as responsabilidades derivadas do seu funcionamento. No caso de que o Concello deba realiza-la limpeza, dita fianza pagará os custes e de ser estes superiores á fianza esixida, o importe da diferenza deberá abonarse polos titulares da actividade.

CAPÍTULO III DA LIMPEZA E MANTEMENTO DOS ELEMENTOS E PARTES EXTERIORES DOS INMOBLES.

ARTIGO 25

1.—Os propietarios de inmobles terán a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, limpeza e ornato público.

2.—Prohíbese ter á vista do público nas aberturas das casas e varandas exteriores das terrazas, roupa tendida e calquera outra clase de obxecto que sexa contrario ó decoro da vía pública ou ó mantemento da estética urbana. Os tarros de plantas ou outros elementos ornamentais deberán atoparse en condicións de seguridade, de forma que non exista risco de caída sobre a vía pública.

ARTIGO 26

1.—Os propietarios de edificios, ou no seu caso os usuarios de terreos, vivendas e establecementos terán a obriga de manter limpas as fachadas, os rótulos de numeración das rúas, as medianeiras descubertas, as entradas, escaleiras de acceso e, en xeral, tódalas partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

2.—En todo o que se refire o número 1 precedente, os propietarios deberán proceder ós traballos de mantemento, limpeza, rebozado e estucado, cando por motivos de ornato público sexa necesario e o ordene a autoridade municipal, previo informe dos servicios municipais competentes.

3.—Os propietarios tamén terán a obriga de manter limpas as chemineas, depósitos, patios, patios de luces, conduccións de auga e gas, desaugues, pararraios, antenas de televisión e calquera outra instalación complementaria dos inmobles.

4.—O Concello nos supostos recollidos nos apartados precedentes e previo trámite de audiencia ós interesados, requiriraos para que, no prazo que se lles sinale, realicen as obras ou operacións necesarias.

5.—O incumprimento do ordenado determinará que, pola falta de limpeza e decoro nos elementos ou partes exteriores do inmovible, se incoe expediente sancionador con imposición de multa, de conformidade co previsto nos artigos 199 e concordantes da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

CAPÍTULO IV DA LIMPEZA E MANTEMENTO DOS SOLARES

ARTIGO 27

1.—Os propietarios de solares e terreos deberán mantelos limpos, libres de desfeitos e residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público.

2.—A prescrición anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos solares.

3.—É potestade do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos de limpeza ós que se refiren os números 1 e 2 anteriores, sexan solares de propiedade pública ou privada. No caso de execución subsidiaria destes traballos polos servicios municipais, esta farase con cargo ó obrigado, sen prexuízo das sancións correspondentes.

4.—Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigacións do propietario, o Concello poderá acceder ós solares de propiedade privada previa a solicitude da correspondente autorización xudicial cando sexa precisa. O Concello imputará os propietarios os custes que se causen.

ARTIGO 28

1.—O horario autorizado para sacudi-la roupa e rega-las plantas e fregar terrazas e balcóns, segundo o disposto nos apartados 5 e 6 do artigo 8 da presente ordenanza, será desde as 22 horas da noite ata ás 8.30 da mañá seguinte e do 1 de xuño ó 15 de setembro, entre as 24 horas e as 8,30 horas.

2.—O horario autorizado para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, etc., segundo o disposto no artigo 20 da presente ordenanza será desde a apertura ata as 11 da mañá.

3.— O Alcalde poderá autorizar, en casos excepcionais, modificacións nos horarios establecidos no número 1 e 2 do presente artigo.

TÍTULO III DA LIMPEZA DO CONCELLO RESPECTO Ó USO COMÚN ESPECIAL E PRIVATIVO DE MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS NA RÚA

CAPÍTULO I CONDICIÓNS XERAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 29

1.—A sucidade da vía pública producida a consecuencia do uso común e privativo será responsabilidade dos seus titulares.

2.—Os titulares de establecementos autorizados na vía pública, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido a súa influencia. A mesma obriga incumbe ós titulares de postos no "mercadeño", estando obrigados a manter limpo o espazo en que desenrolen o seu cometido e as súas proximidades durante o horario

en que realicen a actividade e a deixa-lo no mesmo estado ó rematar esta.

3.—O Concello poderá esixir ós titulares expresados no número 2 anterior, a colocación de elementos homologados para a contención dos residuos producidos polo consumo nos seus establecementos, correspondéndolles, así mesmo, o mantemento e limpeza de ditos elementos.

ARTIGO 30

1.—Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da sucidade derivada da celebración de tal acto na mesma.

2.—A efectos da limpeza, os organizadores terán a obriga de informar ó concello do lugar, percorrido e horario do acto público a celebrar, salvo nos casos nos que de conformidade coa lexislación vixente se procedera á solicitude de autorización ante a Subdelegación do Goberno. O concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en metálico ou aval bancario polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza, que previsiblemente, lles puidera corresponder efectuar a consecuencia da sucidade que se derivase da celebración do acto público.

ARTIGO 31

A efectos da presente ordenanza entenderase:

1.—Por rótulos, os anuncios fixos ou móbiles realizados mediante pintura, baldosas ou outros materiais destinados a conferirlles unha larga duración. Terán a condición de rótulos, os carteis que debido as súas condicións de colocación ou protección estean destinados a ter unha duración superior a quince días.

2.—Por carteis, os anuncios, impresos ou pintados sobre papel ou outro material de escasa consistencia.

3.—Por pancartas, os anuncios publicitarios de gran tamaño situados ocasionalmente na vía pública por un período non superior a quince días coincidindo coa celebración dun acto público.

4.—Por pintadas, as inscricións manuais realizadas na vía pública sobre os muros ou paredes, sobre as beirarrúas e calzadas ou sobre calquera dos seus elementos estruturais.

5.—Por opúsculos e folletos diversos, os fragmentos de papel ou material análogo entregado ós cidadáns na vía pública ou que se difundan con motivo de calquera manifestación pública ou privada.

ARTIGO 32

A colocación e pegado de carteis e pancartas, a distribución de folletos e calquera outra actividade publicitaria das reguladas no presente título, está suxeita a autorización municipal da Alcaldía, salvo as realizadas por asociacións, entidades e organizacións do Concello do Grove, que desenvolvan a súa actividade sen ánimo de lucro (asociacións culturais, deportivas, veciñais, comisións de festas, partidos políticos, organizacións sindicais, etc.).

ARTIGO 33

1.—A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios definidos no artigo 31 anterior, levará implícita a obrigaçión para o responsable de limpalos espacios da vía pública que se houberan ensuciado, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios utilizados e os seus correspondentes accesorios.

2.—Para a colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios sinalados no artigo 31 precedente, o concello poderá esixir a constituçión de fianza ou aval bancario, pola contía

correspondente ós custos previsibles de limpeza ou retirada da vía pública dos elementos que puideran causar sucidade.

CAPÍTULO II COLOCACIÓN DE CARTEIS E PANCARTAS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 34

1.—Prohíbese a colocación e pegada de carteis e adhesivos, con excepción dos casos expresamente autorizados pola autoridade municipal.

2.—Prohíbese toda clase de actividade publicitaria das reguladas na Presente ordenanza nos edificios cualificados como histórico-artísticos, nos incluídos no Catálogo do Patrimonio Histórico e Artístico do Concello e en tódolos edificios públicos. Exceptuaranse as pancartas e rótulos que fagan referencia ás actividades que terán lugar no edificio, colocados pola iniciativa das persoas responsables de ditas actividades.

3.— Prohíbese a colocación, salvo autorización expresa, de carteis, pegatinas e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas e contedores. Os promotores e beneficiarios desta publicidade responderán desta prohibición, o incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción pertinente, así como a obrigaçión do publicitario ou promotor de proceder á retirada destes carteis e pancartas e á limpeza da parte ensuciada.

ARTIGO 35

1.—A colocación de carteis e adhesivos en espazos especialmente reservados ou habilitados como soportes publicitarios municipais, deberán cumprilas seguintes condicións:

a) Que os carteis conteñan propaganda de actos ou actividades de interese cidadán.

b) Non poderá iniciarse a utilización de ditos espazos antes da obtención da correspondente autorización municipal

2.—Queda prohibido desgarrar, arrancar ou tirar á vía pública carteis, anuncios ou pancartas.

ARTIGO 36

1.—A colocación de pancartas na vía pública soamente se autorizará nos seguintes supostos:

a) En período de eleccións políticas e sindicais.

b) En período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos.

c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

2.—Durante os procesos electorais e aqueles outros de xeral participación cidadán, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización, tanto lugares como soportes publicitarios.

3.—A Alcaldía regulará en cada caso, as condicións en que poderán utilizarse os espazos especialmente reservados ou habilitados como soportes publicitarios municipais e a tramitación necesaria para solicita-la correspondente autorización.

4.—A solicitude de autorización para a colocación de pancartas deberá contemplar:

a) O motivo e medidas da pancarta.

b) Os lugares onde se pretende instalar.

c) O tempo que permanecerá instalada.

d) O compromiso do responsable de repara-los desperfectos causados na vía pública ou nos seus elementos estruturais e de indemnizalos danos e prexuízos que puideran terse ocasionado como consecuencia da colocación da pancarta.

ARTIGO 37

1.—As pancartas deberán ser retiradas tan pronto como caducara o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos servizos municipais, imputándose ós responsables os custes correspondentes ó servizo prestado, sen prexuízo da imposición da sanción ós responsables pola Autoridade Municipal.

CAPÍTULO III DAS PINTADAS

ARTIGO 38

1.—Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes exteriores.

2.—Serán excepcións en relación co disposto no número 1 anterior:

— As pinturas murais de carácter artístico sobre os valados dos solares, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.

CAPÍTULO IV DA DISTRIBUCIÓN DE FOLLETOS

ARTIGO 39

Prohíbese espaxer e tirar toda clase de folletos e materiais similares. Exceptuaranse as situacións que no senso contrario autorice a Alcaldía.

ARTIGO 40

Os servizos municipais procederán a limpala parte ou espazo que se houberse visto afectada pola distribución ou dispersión de folletos, imputando ós responsables o custe correspondente dos servizos prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondera.

TÍTULO IV DA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

CAPÍTULO I CONDICIÓN XERAIS E ÁMBITO DE PRESTACIÓN DOS SERVICIOS

ARTIGO 41

1.—O presente título regulará as condicións nas cales o Concello prestará e o usuario utilizará os servizos destinados á recollida e transporte de residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 42

Ós efectos da presente ordenanza, terán a categoría de residuos urbanos, calquera substancia ou obxecto do que o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou obriga de desprenderse, das seguintes clases:

- Residuos de orixe doméstica.
- Residuos xerados en comercios, oficinas e servizos.
- Residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- Residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festexos, peregrinaxes, excursións, acampadas ou actos similares.
- Animais domésticos mortos, mobles, utensilios e electrodomésticos desbotados, así como os entullos de construción e obras menores de reparación domiciliaria.
- Todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades.

ARTIGO 43

Quedan excluídos dos servizos municipais de recollida de residuos urbanos, os seguintes materiais residuais:

- Os residuos industriais, considerando como tales tódolos procedentes de calquera actividade industrial igual a

aqueles que, polas súas características especiais, non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos domiciliarios e, en xeral, os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente. Os produtores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, o aproveitamento dos mesmos, se realice sen risco para as persoas. En consecuencia, estes residuos deberán ser entregados a un xestor autorizado pola administración competente, sendo os propietarios os únicos responsables dos posibles danos ou perdas que os mesmos poidan ocasionar.

- Os residuos resultantes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais e da explotación de canteiras.
- As materias fecais e outras substancias naturais non perigosas das explotacións agrícolas e gandeiras que se utilicen exclusivamente no marco da explotación agraria.
- Os residuos xerados pola actividade especificamente sanitaria en hospitais, clínicas e ambulatorios.

ARTIGO 44

O Concello, directamente ou a través da empresa xestora do servizo, realizará a recollida e o transporte dos lixos sólidos domiciliarios e semellantes, cos itinerarios, frecuencia e horarios que considere máis idóneos para os intereses públicos.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos, calquera que sexa a súa

natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal. Prohíbese seleccionar, clasificar e separar calquera clase de material residual depositado na vía pública en espera de ser recollido polos servicios municipais, agás no caso de dispoñer de licencia expresa outorgada polo Concello.

ARTIGO 45

O Concello adquirirá a propiedade do lixo desde a súa entrega, calquera que sexa a forma da prestación do servico.

Os produtores e posuidores de lixos sólidos quedarán exentos de responsabilidade polos danos e perdas que se puideran derivar deles, sempre que cumpran as normas reguladoras do seu depósito e entrega.

En todo caso, o posuidor dos residuos está obrigado a mantelos, mentres se atopen no seu poder, en condicións axeitadas de salubridade e seguridade.

ARTIGO 46

A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinale o Concello de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou a vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo servico municipal competente.

ARTIGO 47

Nas zonas, sectores ou barrios onde a recollida se efectúe mediante recipientes herméticos subministrados polo Concello, os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conserva-los e mante-los en adecuadas condicións de hixiene, coa dilixencia que o Código Civil esixe ó usufructuario de bens alleos, sendo responsable do deterioro que os recipientes puideran sufrir pola súa culpa ou negligencia, sen prexuízo da limpeza

periódica que realizarán os Servicos Municipais.

ARTIGO 48

Os usuarios deberán deposita-lo lixo en bolsas pechadas e sen líquidos, coa resistencia precisa en atención ó volume e características do mesmo, dentro do recipiente normalizado que corresponda. Deberán pregarse ou esnaquiza-las caixas de cartón ou madeira, de forma que permitan o máximo aproveitamento do colector de lixo.

Os usuarios obríganse a libra-lo lixo ó servico de recollida en condicións tales que non se produza vertidos de residuos durante esta operación. Se como consecuencia dunha deficiente presentación do lixo se produciran tales vertidos, o usuario causante será responsable da sucidade ocasionada na vía pública, sen prexuízo da sanción que puidera corresponder.

Os servicos municipais poderán rexeita-la retirada de lixo que non sexa convenientemente presentado, de acordo coas especificacións dos apartados anteriores.

Utilizaranse os colectores de lixo que se teñan asignados pechando logo a tapa. Non se permite deposita-lo lixo por enriba ou arredor dos mesmos.

ARTIGO 49

Se unha entidade pública ou privada tivese por calquera causa que se desprender de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, e non de forma frecuente, non poderá presenta-los conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos, a entidade poderá ser autorizada ó transporte dos residuos cos seus propios medios ós puntos de transformación ou eliminación que indique o Servico Municipal competente.

Por medio dunha norma regulamentaria ou por resolución da Alcaldía, poderase establece-la obriga de que os establecementos comerciais ou industriais e as comunidades de propietarios que reúnan determinadas características, adquiran ó seu cargo e utilicen colectores propios normalizados para o depósito do seu lixo, que deberán manter en permanente estado de conservación e limpeza.

ARTIGO 50

A recollida dos residuos nas zonas onde non existan recipientes normalizados, efectuarase en bolsas opacas perfectamente pechadas, situadas nos puntos fixados polo Concello ou no seu defecto, ó carón da porta do inmovible ou establecemento comercial.

Nos lugares e rúas ós que non poidan accede-los automóviles de recollida, os usuarios deberán leva-lo lixo ós sitios máis próximos a onde cheguen os citados vehículos, que lles serán sinalados polos servicios municipais.

ARTIGO 51

Os colectores de lixo estarán situados na vía pública, naqueles lugares que se determinen polo Concello, salvo que exista a posibilidade da súa colocación en portais ou patios dos inmoibles; neste caso colocaranse na beirarrúa á beira da calzada, no lugar que se sinale. Esta operación poderase facer unha hora antes do paso do vehículo, se a recollida se efectúa de día, e non antes das nove da noite se a mesma é nocturna. Unha vez baleirados os recipientes procederase á súa retirada, nun prazo máximo de trinta minutos, no caso de que a recollida se faga de día, ou das nove da mañá se a recollida se fixera pola noite, agás os procedentes dos locais comerciais, que poderán retira-los no momento da

apertura dos mesmos, e, en todo caso antes das 10 da mañá.

ARTIGO 52

Non se permite o transvase ou manipulación do lixo fora dos parques de recollida, concentración ou tratamento que os servicios municipais destinasen a tales fins.

ARTIGO 53

A colocación de recipientes e o depósito de lixo na vía pública, así como nos contedores municipais onde estes existan, non poderá facerse fora do horario e dos días que están establecidos ou se establezan en cada momento por bando da Alcaldía.

O Concello poderá introducir en todo momento as modificacións ó programa de servicios de recollida que, por motivos de interese público, teña por convenientes.

Os servicios municipais farán pública ca suficiente antelación calquera cambio no horario, a forma ou a frecuencia do servicio, con excepción das disposicións dictadas pola Alcaldía en situacións de emerxencia.

CAPÍTULO II DOS SERVICIOS DE RECOLLIDA SECTORIAL DE RESIDUOS

ARTIGO 54

O concello poderá dispor que en todo o municipio ou en sectores ou zonas determinadas se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de distintos tratamentos ou aproveitamentos.

O Concello poderá establece-los servicios de recollida sectorial de residuos urbanos que teña por conveniente, tales como:

- a) A recollida do vidro.
- b) A recollida de papel e cartón.
- c) A recollida de envases de plástico, metálicos e tipo brik.
- d) A recollida de pilas.

e) A recollida de mobles, aparellos domésticos, trastes vellos e elementos residuais rexeitados polos cidadáns en actividade de reparación ou substitución do seu equipamento doméstico.

f) A recollida de vehículos fóra de uso.

g) A recollida de animais mortos e residuos procedentes da elaboración de carnes, pescados e outros de procedencia animal.

ARTIGO 55

Queda prohibido depositar nos espazos públicos, mobles ou obxectos inútiles para que sexan retirados polos camiões de recollida domiciliaria de lixo.

As persoas que desexen desfacerse de tales elementos solicitarano ó servizo municipal competente, que lle indicará o día e hora para depositalos na beirarrúa.

ARTIGO 56

_ Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie, sobre calquera clase de terreos, e tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

_ As sancións por incumprimento desta norma serán independentes das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitaria

_ As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos farano a través do servizo municipal competente.

_ O disposto no parágrafo anterior non será aplicable para o caso de explotacións gandeiras ou industriais, nin no suposto de équidos para uso deportivo.

_ A eliminación de animais mortos non exime, en ningún caso ós propietarios, da obriga de comunica-la baixa do animal e as causas da súa morte cando así veña establecido en Ordenanzas ou Regulamentos Municipais ou disposicións legais vixentes.

_ Os que observen a presenza dun animal morto poden comunicar tal circunstancia ó Servizo Municipal competente co fin de proceder a retira-lo cadáver coas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

ARTIGO 57

Os contedores normalizados depositados na rúa quedan exclusivamente reservados para a prestación do correspondente servizo sectorial de residuos. Prohíbese depositar nos ditos contedores, materiais residuais distintos dos expresamente consignados en cada caso.

ARTIGO 58

Queda prohibido o abandono de vehículos fóra de uso na vía pública, así como a utilización da mesma para a exposición de vehículos.

O Concello asume a propiedade sobre os vehículos abandonados, nos casos seguintes:

— Cando, a xuízo dos servizos municipais, as condicións do vehículo fagan presumir abandono e se cumpriran os prazos e disposicións legais establecidas.

— Cando o propietario o declare residual, renunciando á súa propiedade en favor do Concello, debendo facerse cargo neste caso dos gastos de recollida, transporte e eliminación do mesmo.

— Exclúense da consideración de abandonados os vehículos sobre os que recaia orde xudicial, coñecida polo Concello para que permanezan na mesma situación. A autoridade municipal poderá solicita-la adopción de medidas en orde ó ornato público.

TÍTULO V DA RECOLLIDA, TRANSPORTE E VERTIDO DE TERRAS E ESCOMBROS

CAPÍTULO I CONDICIÓN XERAIS

ARTIGO 59

1.—O presente título regulará, en todo o non previsto nos Títulos II, e IV da presente ordenanza, as seguintes operacións:

a) O libramento, carga, transporte, acumulación e vertido dos materiais residuais sólidos cualificados como terras e cascallos.

b) A instalación na vía pública de contedores para obras destinados á recollida e transporte de terras e cascallos.

2.—As disposicións deste título V non rexerán para as terras e outros materiais asimilables cando sexan destinados á venda ou subministración para traballos de obra nova. Si serán aplicables tódalas prescricións que establece a presente ordenanza en canto á prevención e corrección da sucidade na vía pública producida a consecuencia da carga, descarga e transporte dos citados materiais.

ARTIGO 60

Ós efectos da presente ordenanza, terán a consideración de terras e cascallos os seguintes materiais residuais:

1.—As terras, pedras e materiais similares que proveñan de escavacións.

2.—Os residuos resultantes de traballos de construción, demolición, derrubo e, en xeral, tódolos sobrantes de obras que excedan de 20 litros ou decímetros cúbicos diarios.

3.—Calquera material residual asimilable ós anteriores e os que en circunstancias especiais determine a Alcaldía.

ARTIGO 61

A intervención municipal en materia de terras e cascallos terá por obxecto evitar

que, a consecuencia das actividades expresadas se produzan:

1.—O vertido incontrolado dos ditos materiais ou efectuado en forma inadecuada.

2.—O vertido en lugares non autorizados.

3.—A ocupación indebida de terreos ou bens de dominio público.

4.—O deterioro dos pavimentos e restantes elementos estruturais do Concello.

5.—A sucidade da vía pública e demais superficies do Termo Municipal do Grove.

ARTIGO 62

O Concello fomentará o vertido de terras para a recuperación da fertilidade de espazos espidos, e o vertido de cascallos como elemento de recreo ou illante baixo obras fixas, substituíndo as capas fértiles de terra. Terras e cascallos por separado son susceptibles de reutilización e reciclaxe.

ARTIGO 63

Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados, destinados a residuos domiciliarios os entullos procedentes de calquera clase de obras.

Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou restos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios. Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valado protector das obras, materiais de construción.

CAPÍTULO II DA UTILIZACIÓN DE CONTEDORES PARA OBRAS

ARTIGO 64

Os residuos e materiais cun volume superior a un metro cúbico así como os procedentes do baldeiramento ou movemento de terras, soamente se

poderán almacenar na vía pública utilizando para iso contedores adecuados e instalados cumprindo os requisitos e condicións sinalados na presente ordenanza.

ARTIGO 65

1.—A colocación de contedores para obras na vía pública está suxeita a licenzia municipal que será outorgada polos servizos correspondentes.

2.—Os contedores para obras situadas no interior cotado de zonas de obras non precisarán licenzia; nembargantes, nos restantes requisitos deberán axustarse ás disposicións da presente ordenanza.

ARTIGO 66

Os contedores para obras só se poderán utilizar polos titulares da licenzia á que fai referencia o artigo anterior. Ningunha persoa pode efectuar vertidos de ningunha clase no contedor, de non mediar autorización do titular da licenzia.

ARTIGO 67

1.—Os contedores para obras deberán presentar no seu exterior de maneira perfectamente visible os datos sobre identificación do propietario ou da empresa responsable e da licenzia municipal para a súa instalación.

2.—Os contedores para obras deberán estar pintados de cores que destaquen pola súa visibilidade podendo establecerse pola Autoridade Municipal unhas determinadas cores.

ARTIGO 68

1.—Os contedores para obras deberán estar dotados dos dispositivos axeitados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato urbano e evitar que outras persoas boten neles lixo domiciliario ou trastes inútiles. Unha vez cheos, deberán ser tapados inmediatamente de modo

adecuado, de forma que non se produzan vertidos ó exterior de materias residuais.

2.—Igualmente é obrigatorio tapa-los contedores ó finaliza-lo horario de traballo.

ARTIGO 69

1.—As operacións de instalación e retirada dos contedores para obras deberán realizarse de modo que non causen molestias para os cidadáns.

2.—Os contedores de obras deberán utilizarse ou manipularse de modo que o seu contido non se verta á vía pública ou non poida ser levantado ou espallado polo vento. En ningún caso o contido de materiais residuais excederá do nivel máis baixo do seu límite superior.

3.—Ó retira-lo contedor, o titular da licenzia deberá deixar en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública ocupada.

4.—O titular da licenzia será responsable dos danos causados ó pavimento da vía pública, debendo comunica-lo inmediatamente ós servizos municipais correspondentes no caso de térense producido, e correrán ó seu cargo as reparacións de ditos danos.

O empresario e o promotor da obra serán responsables solidarios das obrigas que corresponden ó titular da licenzia de instalación do contedor.

ARTIGO 70

Os contedores situaranse, se fose posible, no interior da zona pechada de obras, de non ser así preferentemente diante da obra á que serven ou tan cerca como sexa posible e en todo caso respectando as distancias fixadas para estacionamentos polo Código da Circulación.

Non poderán situarse nos pasos de peóns nin diante deles, así como nos vaos nin nas reservas de estacionamento e parada, excepto cando estas reservas foran solicitadas para a mesma obra; tampouco

poderán situarse nas zonas de prohibición de estacionamento.

En ningún caso poderán ser colocados total ou parcialmente sobre as tapas de acceso dos servizos públicos, sobre as bocas de incendios, alcorques das árbores nin, en xeral, sobre ningún elemento urbanístico, cuxa utilización se puidera dificultar en circunstancias normais ou en caso de emerxencia.

Tampouco poderán situarse sobre as beirarrúas cun largo, deducido o espazo ocupado polos valos, no seu caso, que non permita unha zona de libre paseo dun metro como mínimo unha vez colocado o contedor.

Serán colocados en todo caso de modo que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa.

Cando os contedores estean situados na calzada deberán colocarse de modo que non impidan que as augas superficiais alcancen e discorran polo escurridoiro ata o embornal máis próximo, debendo protexerse cada contedor como mínimo por tres conos de tráfico colocados na vía pública en liña oblicua polo lado do contedor máis próximo ó da circulación.

Na beirarrúa, deberán ser colocados no bordo desta sen que ningunha das súas partes sobresaia da liña do encintado.

ARTIGO 71

Cando os contedores deban permanecer na rúa durante a noite, deberán levar incorporadas as sinais reflectantes ou luminosas para facelos identificables.

ARTIGO 72

Os contedores para obras serán retirados da vía pública:

1.—Ó expira-lo termo da concesión da licenza de obra.

2.—En calquera momento, a requirimento dos axentes da autoridade municipal, por resultar perigoso para a circulación de vehículos ou das persoas, ou causar

problemas á circulación do tráfico na zona.

3.—En canto estean cheos, para proceder ó seu baleirado e sempre dentro do prazo de 24 horas desde que se produciuse a saturación.

En caso de incumprimento o concello poderá retirar-lo contedor, que unha vez baleiro, quedará en depósito ata a súa devolución, previo pago dos gastos causados.

CAPÍTULO III DO LIBRAMENTO E VERTIDO DE TERRAS E CASCALLOS

ARTIGO 73

1.—No que respecta ó libramento e vertido de terras e cascallos, prohíbese:

a) Depositar nos contedores de obra, residuos que conteñan materiais inflamables, explosivos, nocivos ou perigosos, susceptibles de putrefacción ou de produciren cheiros, e toda clase de materiais residuais que por calquera causa poidan causar molestias ós veciños ou usuarios da vía pública.

b) Depositar mobles, aparellos trastes vellos e calquera material residual similar nos contedores de obras.

c) Verte-los en terreos de dominio público municipal que non fora expresamente autorizado polo Concello para tal finalidade.

d) Verte-los en terreos de propiedade particular ou pública agás cando se dispoña de autorización expresa do titular do dominio, que deberá de acreditarse ante a Autoridade municipal.

2.—Nos terreos de propiedade particular ou pública a que fai referencia o apartado d) anterior prohibirase o vertido aínda que se dispoña de autorización do titular cando:

a) Poidan producir alteracións substanciais da topografía do terreo, agás

que se outorgara previa licenza municipal.

b) Poidan producirse danos a terceiros ou o medio ambiente, ou ben afecte á hixiene pública ou ó ornato do Concello, a consecuencia das operacións de descarga ou vertido dos dos ditos materiais.

3.—En tódolos libramentos de terras e cascallos, o promotor da obra será responsable solidario da sucidade que se ocasionase na vía pública, estando obrigado a garanti-la limpeza do espacio urbano afectado en intervalo non superior a dúas horas e ó remata-las obras.

CAPÍTULO IV DO TRANSPORTE DE TERRAS E CASCALLOS

ARTIGO 74

1.—Para transporte de terras e cascallos polas vías urbanas poderá fixa-la autoridade municipal os horarios e itinerarios.

2.— O disposto na presente ordenanza enténdese sen prexuízo do deber dos transportistas de dar cumprimento ó disposto polo Código da Circulación e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 75

1.—Os vehículos nos que se efectúe o transporte de terras e cascallos reunirán as debidas condicións para evita-lo vertido do seu contido sobre a vía pública.

2.—Na carga dos vehículos adoptaranse as precaucións necesarias para impedir que se lixe a vía pública.

3.—Non se permite que os materiais transportados excedan os extremos superiores. Non se permite tampouco a utilización de complementos adicionais non autorizados para aumenta-las dimensións ou a capacidade de carga dos vehículos e contedores.

4.—Os materiais transportados deberán ser cubertos e protexidos de modo que

non se desprenda po e non se produzan vertidos de materiais residuais.

ARTIGO 76

1.—Os transportistas de terras e cascallos obríganse a proceder á limpeza inmediata do tramo de vía afectada, no suposto de que a vía pública se lixase a consecuencia das operacións de carga e transporte.

2.—Tamén quedan obrigados a retirar en calquera momento e sempre que sexan requiridos pola Autoridade municipal, as terras e escombros vertidos en lugares non autorizados.

3.—Os servicios municipais poderán proceder á limpeza da vía pública afectada e á retirada dos materiais vertidos a que fan referencia os números 1 e 2 anteriores, sendo imputados ós responsables os custos correspondentes, sen prexuízo da sanción oportuna.

4.—En canto ó disposto no número 3 anterior serán responsables solidarios os empresarios e promotores das obras e traballos que orixinaran o transporte de terras e cascallos.

CAPÍTULO V DAS LICENCIAS DE OBRAS, NO QUE ATINXE A LIMPEZA.

ARTIGO 77

A concesión de licenza de obras levará aparellada en canto se refire á produción de terras e cascallos, a autorización correspondente para:

a) Producir cascallos.

b) Transportar terras e cascallos polo Concello nas condicións establecidas na presente ordenanza.

c) Descarga-los materiais no lugar de acumulación ou vertido final de residuos que ó efecto se indicará polos servicios municipais, si o houbera.

CAPÍTULO VI HORARIO

ARTIGO 78

1.—A deposición de terras e cascallos nos contedores farase durante as horas en que non cause molestias ó vecindario.

2.—As autoridades municipais poderán esixir a retirada dos contedores da vía pública cando circunstancias de interese público o aconsellen.

**TÍTULO VI
DA RECOLLIDA E TRANSPORTE
DOS RESIDUOS INDUSTRIAS E
ESPECIAIS**

ARTIGO 79

Terán a categoría de residuos industriais os que se sinalan no artigo 44 da presente ordenanza.

Tamén terán a categoría de residuos industriais os residuos urbanos cando, polas condicións da súa presentación, volume, peso, cantidade de libramento diario, contido de humidade e outras, resulta que a xuízo dos servicios municipais non poden ser obxecto de recollida como residuos urbanos.

Os produtores ou posuidores de residuos urbanos que, polas súas características especiais, poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, estarán obrigados a proporcionar ó Concello unha información detallada sobre a súa orixe, cantidade e características.

Nos casos regulados neste apartado, así como cando se trate de residuos urbanos distintos ós xerados nos domicilios particulares, o Concello, por motivos xustificados, poderá obriga-los posuidores a xestionar-los por si mesmos.

Cando os residuos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, de acordo cos informes técnicos emitidos, ou que dificulten a súa recollida, transporte, valorización ou eliminación, poderán obriga-lo produtor ou posuidor dos

mesmos a que, previamente á súa recollida, adopten as medidas necesarias para eliminar ou reducir, no posible, ditas características, e que os depositen na forma e lugar adecuados.

ARTIGO 80

Toda empresa, industria, establecemento sanitario ou calquera establecemento produtor de residuos non asimilables ós residuos sólidos urbanos, deberá presentar conxuntamente coa solicitude da Licencia unha relación cualificada e cuantificada dos residuos e un plan de reutilización reciclado ou eliminación non contaminante dos mesmos.

ARTIGO 81

Son residuos perigosos aqueles que figuren como tales na lista aprobada polo Real Decreto 952/1997, ou normativa que o substitúa, así como os recipientes e envases que os houberan contido. Os que fosen cualificados como perigosos pola normativa comunitaria e os que poida aproba-lo goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais dos que España sexa parte.

ARTIGO 82

As actividades de recollida, almacenamento e transporte de residuos perigosos están sometidas a réxime de autorización polo órgano ambiental competente da Comunidade Autónoma, estando suxeitas ás condicións que pola mesma se establezan así como pola normativa vixente en materia de transporte de mercancías perigosas.

O Concello, pola súa propia autoridade ou mediante denuncia á Autoridade competente, procederá a inmovilizar aqueles vehículos e cargas, que non reunindo as debidas condicións de seguridade puideran representar grave

perigo para a saúde pública ou do medioambiente.

TÍTULO VII DA PROTECCIÓN DAS ZONAS VERDES

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 83

O obxecto deste título é a regulamentación da implantación, conservación, uso e aproveitamento das zonas verdes do concello do Grove, así como dos distintos elementos instalados nelas, procurando a súa mellor preservación por ser ámbitos imprescindibles para o equilibrio do ambiente urbano.

ARTIGO 84

Para os efectos desta ordenanza considéranse zonas verdes os espazos destinados á plantación de arborado e xardinería conforme ás determinacións dos plans de ordenación urbana.

Tocante á definición e clase de zonas verdes rexerá o establecido no planeamento urbanístico vixente en cada momento.

En todo caso serán cualificadas como zonas verdes, para os efectos desta ordenanza, as prazas e pequenos xardíns viarios, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos, as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

CAPÍTULO II IMPLANTACIÓN DE NOVAS ZONAS VERDES.

ARTIGO 85

As novas zonas verdes axustaranse na súa localización ó establecido no planeamento urbanístico e nas súas

instalacións ás normas específicas sobre normalización de elementos constructivos.

As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, conformacións topográficas do terreo e calquera outro que conforme as características topolóxicas da zona, podendo converterse, en casos específicos, en condicionantes principais do deseño.

ARTIGO 86

Tocante á implantación, as zonas verdes deberán cumprir-las seguintes normas:

- Respectaranse tódolos elementos vexetais ós que se fai referencia no artigo anterior.
- Para as novas plantacións elixiranse especialmente vexetais autóctonos ou compatibles co clima de Galicia.
- Non se utilizarán especies que neses momentos estean declaradas expostas a pragas e enfermidades con carácter crónico e que como consecuencia poidan ser focos de infección.
- As plantas que se utilicen deberán encontrarse en perfecto estado sanitario, sen golpes nin machacaduras que poidan resultar infectadas. O seu tamaño deberá se-lo axeitado para un desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios orgánicos que provoquen enfermidades no mesmo ou volcos por debilidade do sistema reticular.
- Cando as árbores haxan estar preto das edificacións, elixiranse aquelas que non poidan producir polo seu tamaño ou porte unha perda de iluminación ou soleamento naqueles, danos nas infraestructuras ou levantamento de pavimentos ou beirarrúas. Para este efecto establécese como norma de obrigado

cumprimento a separación mínima de edificios, instalación e medianeiras de 3 metros para o caso de árbores e 0.50 metros para o das restantes plantas.

En calquera caso, os promotores poderán formular consultas ós servicios municipais relacionados coa plantación de zonas verdes.

ARTIGO 87

Tódolos traballos en árbores públicas, realizados por empresas concesionarias, deberán estar baixo o control dos técnicos municipais encargados da materia, por medio de especificacións escritas, licencias e inspeccións.

As redes de servicios (eléctricas, telefónicas, de saneamento, distribución de auga, etc.) que haxan atravesado as zonas verdes, deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas.

As redes de servicios públicos non poderán usarse en ningún caso, para intereses ou finalidade privada. De forma especial prohibese o uso de auga da rede municipal de rego para zonas verdes privadas.

CAPÍTULO III CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES

ARTIGO 88

Tódolos propietarios de zonas verdes están obrigados a mante-las en bo estado de conservación, sendo pola súa conta os gastos que iso ocasione.

Tamén terán a obriga de retirar as árbores que fosen derrubadas por calquera causa, ou que ofrezan perigo de caída. En caso de urxencia o concello procederá a executar as actuacións necesarias a cargo do propietario obrigado.

ARTIGO 89

Calquera propietario dun terreo con fachada á rúa e árbores no mesmo, terá a obriga de podalos de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación da vía pública, e impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

ARTIGO 90

As árbores e arbustos que integren as zonas verdes, serán podados axeitadamente na medida en que a falta desta operación poida supor un detrimento no vigor vexetativo, un aumento da susceptibilidade ó ataque das pragas e enfermidades ou un perigo de caída de pólas secas.

ARTIGO 91

Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía de auga, en concordancia co mantemento ecolóxico do sistema que favorece a resistencia das plantas a períodos de seca, empuxes do vento, ataques de criptógamas, etc.

A zona verde que posúa recursos propios de auga, será regada con estes recursos sempre que isto sexa posible.

ARTIGO 92

Todo propietario dunha zona verde queda obrigado a realizar os oportunos tratamentos fitosanitarios preventivos, pola súa conta, para evitar pragas e enfermidades das plantas desta zona verde.

Para o caso de que unha praga ou enfermidade se declare nas plantacións dunha zona verde, o propietario deberá dar ás mesmas e pola súa conta, o correspondente tratamento fitosanitario no prazo máximo de oito días, debendo en caso necesario, proceder a suprimir e eliminar estas plantacións de forma inmediata.

ARTIGO 93

Os xardíns e zonas verdes públicos e privados deberán encontrarse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato así como libres de maleza espontánea, de forma que non poidan ser causa de infeccións ou de materia doadamente combustible.

ARTIGO 94

Os titulares de quioscos, bares, etc. que integren nas súas instalacións algún tipo de plantación, deberán velar polo bo estado da mesma.

ARTIGO 95

Cando na realización das redes de servicios se haxa de proceder á apertura de regos en zonas axardinadas xa consolidadas, deberase evitar que estas afecten ós sistemas radiculares dos elementos vexetais existentes, debendo restituír ó finaliza-las obras correspondentes, a zona axardinada ó seu estado primitivo, reparando calquera elemento que fora danado.

**CAPÍTULO IV
USO DAS ZONAS VERDES**

ARTIGO 96

Tódolos cidadáns teñen dereito ó uso e aproveitamento das zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente ordenanza e demais disposicións aplicables.

ARTIGO 97

Os lugares ós que se refire a presente ordenanza, cualificados como bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que, pola súa finalidade, características ou fundamento, presupoñan a utilización de tales recintos

con fins particulares, en detrimento da súa propia natureza e destino.

ARTIGO 98

Cando por motivos de interese se autoricen nestes lugares actos públicos, deberanse toma-las previsións necesarias para que a maior afluencia de persoas ós mesmos non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adopta-las medidas precautorias necesarias.

ARTIGO 99

Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas, deberán cumpra-las instrucción que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes. En calquera caso, deberán atende-las indicacións que formulen os axentes da policía local e persoal de parques e xardíns.

ARTIGO 100

Con carácter xeral para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitirán os seguintes actos:

- a) Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.
- b) Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.
- c) Pisa-lo céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilízalo para xogar, repousar ou deleitarse sobre el.
- d) Cortar flores, pólas ou especies vexetais.
- e) Talar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrinca-las súas cortizas, cravar puntas, atar ós mesmos escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou

calquera outro elemento que puidera causarlles danos, gabear ou subir ós mesmos.

- f) Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra sobre as árbores, ou verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.
- g) Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables ou calquera outro elemento que poida dana-las plantacións.
- h) Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non teñan instalacións axeitadas para facelo.

ARTIGO 101

Tódalas árbores de calquera rúa ou propiedade pública, próximas a unha escavación ou construción de calquera edificio, estrutura ou obra na rúa, deberá defenderse de posibles danos. Todo o lixo, entullo, material de construción, etc., deberá quedar fóra do valado, deixando exenta a árbore.

ARTIGO 102

Para a boa conservación e mantemento das zonas verdes, así como das lagoas, estanques e fontes existentes nas mesmas, non se permitirán os seguintes actos:

- a) cazar calquera tipo de animal, así como escorrenta-las pombas, paxaros e calquera outra especie de ave ou animal, perseguir-los ou consentir que os persigan cans ou outros animais.
- b) Pescar, inquietar ou causar dano ós peixes, así como botar calquera clase de obxectos e desperdicios ás lagoas, estanques, fontes ou ríos.
- c) A utilización en tales lugares de utensilios ou armas destinados á caza de aves ou outros animais, como

tiradores de goma, cepos, escopetas de aire comprimido, etc.

ARTIGO 103

Os usuarios das zonas verdes non poderán abandonar nestes lugares especies animais de ningún tipo. Cando polas características e circunstancias de determinados animais sexa aceptable a súa doazón, esta poderá ser autorizada polo Concello.

ARTIGO 104

A tenencia e circulación de animais na vía pública adaptárase á ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais. O propietario do animal doméstico, e de forma subsidiaria a persoa que o leve, será responsable do ensuciamento da vía pública producida por este.

Prohíbese que os animais domésticos realicen as súas deposicións sobre as beirarrúas, zonas verdes, zonas axardinadas e restantes elementos da vía pública destinados ó paso ou estancia dos cidadáns. Os propietarios ou posuidores de animais deberán recoller e retirar-los excrementos, limpando a vía pública que houberan ensuciado. Os excrementos poderán:

- a) Incluírse nas basuras por medio da bolsa de recollida habitual.
- b) Depositarse dentro de bolsas perfectamente pechadas, en papeleiras e contedores.
- c) Depositarse sen envoltorio algún, nos lugares habilitados para os animais si os houbese.

O Concello poderá instalar en determinadas zonas, equipamentos para que os animais realicen as súas deposicións e prestará o servizo de limpeza de ditos lugares.

Queda prohibida a limpeza e/ou lavado de animais na vía pública así como naqueles

lugares públicos destinados ó uso dos cidadáns.

CAPÍTULO V PROTECCIÓN DO MEDIO

ARTIGO 105

A protección da tranquilidade e sosego que integran a propia natureza das zonas verdes, esixe que:

a) A práctica de xogos e deportes se realice nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

1.- Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas.

2.- Poidan causar danos e deterioros a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.

3.- Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación.

4.- Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública.

b).-As actividades publicitarias realízanse coa expresa e previa autorización municipal.

c).- As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión, poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán absterse de atranca-la utilización normal do parque e terán obriga de cumprimentar tódalas indicacións que lles sexan feitas polos axentes de vixilancia.

As filmacións cinematográficas ou de televisión, con escenas figurativas, e a colocación ou carrexamento de materiais e instalacións de carácter especial para tales operacións, terán que ser autorizadas dunha forma concreta polo Concello.

d).- A instalación de calquera clase de industrias, comercios, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xeados, etc, requirirá autorización ou concesión administrativa do concello, obtida coa

tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto.

Os concesionarios deberán limitarse á actividade autorizada, sendo responsables das súas estralimitacións e cumprimento das mesmas.

e)- Non sendo nos lugares especialmente habilitados, non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña e vehículos habilitados para tal efecto.

ARTIGO 106

Nas zonas verdes non se permitirá:

a)- Lavar vehículos, roupas ou proceder o tendido delas e tomar auga das bocas de rego.

b)- Efectuar inscricións ou pegar carteis nos valados, postes de alumeado público ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns.

c)- Instalar calquera tipo de modalidades publicitarias nos parques. Nas restantes zonas verdes soamente se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo Concello.

d)- Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóbiles, albañilería, xardinería, electricidade, etc, e de se tratar de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios, requirirase a preceptiva autorización do Concello.

ARTIGO 107

a)- Bicicletas:

Os nenos de ata sete anos poderán circular en bicicleta, acompañados dalgún adulto, por paseos interiores dos parques, sempre que a escasa presenza de público o permita e non causen molestias ós demais usuarios dos parques.

b)- Circulación de vehículos de transporte:

Non poderán circular nos parques salvo os de propiedade do concello, ou expresamente autorizados.

c)- Vehículos de eivados:
Poderán circular os que non desenvolvan unha velocidade superior os 10km/h.

d)- So poderán estacionar no parque os vehículos de servicios municipais, ou expresamente autorizados.

A entrada e circulación de vehículos nos parques será regulada de forma específica e concreta para cada un deles, mediante a correspondente sinalización que para tal efecto se instale nos mesmos.

CAPÍTULO VI PROTECCIÓN DO MOBILIARIO URBANO

ARTIGO 108

a)- O mobiliario urbano existente nos parques, xardín e zonas verdes, consistentes en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes sinalización, farois e elementos decorativos, como adornos, estatuas, etc; deberán manterse no mais axeitado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrución serán responsables, non soamente do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida. Así mesmo, serán sancionados os que, facendo un uso indebido de tales elementos, prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para este efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:

1.-Bancos:

Non se permitirá o uso inadecuado dos mesmos, arrinca-los bancos que estean fixos, traslada-los que non estean fixados ó chan nunha distancia superior os dous metros, agrupar bancos de forma desordenada, realizar comidas sobre os mesmos en forma que poidan manchalos seus elementos, realizar inscricións ou

pintadas sobre eles, e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que deteriore a súa conservación.

As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estes, nos seus xogos, depositen sobre os bancos, area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucialos ou manchar os usuarios dos mesmos.

2.-Xogos infantís:

A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas nos sinais para tal efectos establecidas, non permitíndose a utilización dos xogos infantís polos adultos ou por menores de idade superior a que se indique expresamente en cada sector ou xogo, así como tampouco a utilización dos xogos en forma que exista perigo para os seus usuarios, ou en forma que poidan deteriorarse ou romperse.

3.-Papeleiras:

Os refugallos ou papeis deberán depositar nas papeleiras para tal fin establecidas.

Os usuarios deberán abster de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, voltealas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir papeis ou outros actos que deterioreen a súa presentación.

4.- Fontes:

Os usuarios deberán abster de realizar calquera manipulación na fonte que non sexa a propia do seu funcionamento normal, así como practicar xogos nas fontes de beber, utiliza-las para lavar obxectos ou para asearse nelas.

Nas fontes decorativas, bocas de rego, etc, non se permitirá beber, utiliza-la auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como toda manipulación dos seus elementos.

5.-Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.

Nestes elementos de mobiliario urbano non se permitirá subirse, abanearse ou

facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos de mobiliario urbano, así como calquera acto que ensucie, dane ou deteriore ós mesmos.

TÍTULO VIII INFRACCIONES E SANCIONES. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

ARTIGO 109

As infraccións contra o disposto nesta ordenanza serán sancionadas de acordo cos artigos seguintes, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

A responsabilidade será solidaria nos seguintes supostos:

- a) Cando o posuidor ou xestor dos residuos os entregue a persoa física ou xurídica distinta das legal ou regulamentariamente establecidas.
- b) Cando sexan varios os responsables e non sexa posible determina-lo grao de participación da cada un na realización da infracción.
- c) Cando os danos causados ó medioambiente prodúzanse por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, a Administración poderá imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos.

ARTIGO 110

Sen prexuízo das infraccións e sancións previstas na lexislación estatal e autonómica vixente, nas que as competencias sancionadoras correspondan ós órganos da administración do Estado e da Xunta de Galicia, respectivamente. As infraccións cometidas en relación coas determinacións da presente ordenanza, que corresponde sancionar ó Concello, clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Son infraccións leves:

- O depósito dos residuos por parte dos produtores ou posuidores, de menos de 10 quilogramos de peso, sen os envases ou a preparación requiridos por esta ordenanza ou normativa vixente de aplicación.
- O depósito dos residuos, de menos de 10 quilogramos de peso, fóra dos recipientes ou lugares dispostos para a súa recollida.
- O incumprimento dos horarios establecidos na presente ordenanza ou nos Bandos, resolucións ou instrucións municipais que a desenrolen.
- A deficiente conservación e limpeza de zonas verdes cando non constitúa falta de maior gravidade.
- Practicar xogos e deportes en sitios e forma inadecuados.
- Usar indebidamente o mobiliario urbano.
- A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal a efectos da posible sucidade que as mesmas poidan ocasionar.
- Usar vehículo de motor ou estacionar en lugares non autorizados das zonas verdes.
- Calquera incumprimento das disposicións desta ordenanza que non estea cualificado como grave ou moi grave.

Son Infraccións graves:

- A reincidencia na comisión de tres faltas leves que non houberen prescrito de acordo ó disposto no artigo 132 da Lei 30/1992.
- O depósito dos residuos por parte dos produtores ou posuidores, de máis de 10 e menos de 100 quilogramos de peso, sen os envases ou a preparación

requiridos por esta ordenanza ou normativa vixente de aplicación.

- O depósito dos residuos, de máis de 10 e menos de 100 quilogramos de peso, fóra dos recipientes ou lugares dispostos para a súa recollida.
- As accións ou omisións que quebrantando o preceptuado na presente ordenanza, causen dano directo ós bens de uso ou servizo público municipal.
- A realización de actos de propaganda mediante repartimento ou lanzamento de carteis ou folletos en vías e espazos públicos.
- O incumprimento das normas sobre recollida, transporte e vertido de terras e cascallos.
- A colocación de carteis e a realización de inscricións e pintadas en lugares non permitidos.
- O abandono de mobles e aparellos, animais mortos ou automóbiles nas vías ou espazos públicos.
- Cambiar aceite e outros líquidos ós vehículos na vía pública e espazos libres públicos.
- Omiti-las operacións de limpeza despois da carga e descarga de vehículos.
- A implantación de zonas verdes contravindo o disposto nesta ordenanza.
- O consumo de auga no mantemento de zonas verdes, que contraveña o máximo que estableza en cada momento un bando ou resolución da alcaldía.
- Deteriora-los elementos vexetais ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.

Son infraccións moi graves:

- A reincidencia na comisión de dúas faltas graves que non houberen prescrito

con arreglo ó disposto no artigo 132 da Lei 30/1992.

- Exerce-la actividade de recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización.
- Non proporcionar ó Concello os datos relativos á natureza dos residuos ou facilitar información falsa sobre dos mesmos.
- O vertido incontrolado de residuos industriais sempre que a sanción non sexa competencia da administración autonómica ou estatal.
- Realizar accións ou omisións que afecten a plantacións que estivesen catalogadas como de interese público, sempre que non exista sanción superior aplicable.
- Manter elementos vexetais en estado que supoña perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou que entrañen risco para as persoas.

ARTIGO 111

Unha vez cualificadas as infraccións, estas graduaranse tendo en conta a negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, o incumprimento das advertencias previas da administración, o prexuízo causado ó medio natural que se trata de preservar e o beneficio obtido coa actividade infractora, consideradas todas elas como circunstancias agravantes ou atenuantes da infracción cometida.

As sanción poderán impoñerse con periodicidade diaria.

ARTIGO 112

O procedemento sancionador será o regulado pola vixente lei de réxime xurídico e do procedemento administrativo común e polo Regulamento do procedemento para a execución da potestade sancionadora.

ARTIGO 113

As infraccións previstas nesta ordenanza serán sancionadas de acordo coa súa gravidade:

- a) Infraccións leves con apercibimento e multa de 30 a 100 euros.
- b) Infraccións graves con multa de 100,01 a 600 euros.
- c) Infraccións moi graves con multa de 600,01 a 1.502,53 euros.

ARTIGO 114

Tanto o importe das multas coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento.

Os órganos sancionadores poderán impoñer multas coercitivas cando transcorran os prazos sinalados no requirimento correspondente e conforme o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A contía de cada unha delas non superará o 20 por 100 da multa fixada para a infracción cometida.

ARTIGO 115

Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado á restitución das cousas e á reposición ó seu estado anterior, coa indemnización de danos irreparables e perdas causadas no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente. En todo caso a restitución comporta a obriga de lle devolver á Administración a totalidade do beneficio ilicitamente obtido.

Poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa costa.

ARTIGO 116

A sanción das infraccións administrativas previstas na presente ordenanza corresponde ó Alcalde.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non establecido nesta ordenanza, será de aplicación ás Normativas e Disposicións promulgadas ó respecto pola Xunta de Galicia e Lexislación do Estado. A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Modificación publicada no BOP de Pontevedra núm. 241, do 16/12/2009:

“O artigo 72.2, que a continuación se reflicte, da Ordenanza de limpeza e medio ambiente do Concello do Grove queda redactado da seguinte forma:

2. Durante a fin de semana, así como en calquera momento, a requirimento dos axentes da autoridade municipal, por resultar perigoso para a circulación de vehículos ou das persoas, ou causar problemas á circulación do tráfico na zona”.